





Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 080/2018**

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por , que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 19 de xuño de 2018, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Único.**  presentou, con data do 19 de xuño de 2018, unha reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia, por considerar desestimadas as súas solicitudes de acceso á información presentadas de forma reiterada nas xuntas de Área de Facenda, Servizos Xerais, Turismo e Termalismo do Concello de Ourense.

Na referida reclamación, o interesado, na súa condición de edil da Corporación Municipal de Ourense, solicita que se admita a queixa por non proporcionar o concello de Ourense, a documentación que foi solicitada de forma reiterada nas diferentes xuntas de área o 06/02/2018, 27/02/2018, 06/03/2018, 13/03/2018, 20/03/2018, 03/04/2018 e 17/04/2018, segundo consta nas actas das ditas xuntas das que remite copia e referidas aos gastos en medios de comunicación do Concello de Ourense no exercicio 2017 (desglosado por provedores) e documentación referente ao convenio asinado entre Expourense: e o país de Marrocos

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

##### **Primeiro. Competencia e normativa**

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse

unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A Disposición Adicional Quinta da Lei 1/2016, establece que a resolución das reclamacións previstas no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes

públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente existencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Análise do expediente**

O interesado, na súa condición de edil dun grupo municipal da Corporación Local de Ourense, pon en coñecemento da Comisión da Transparencia que non se lle proporciona a información que de forma reiterada solicita na súa condición de Concelleiro, nas Xuntas de diferentes Áreas do Concello de Ourense. O concelleiro basea a súa solicitude no dereito que lle concede o artigo 9.1 do Regulamento orgánico de goberno e organización, do pleno e a comisión especial de suxestións e reclamacións do Concello de Ourense (BOP do 14 de novembro do 2012), así como o artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Antes da entrada en vigor da Lei 19/2013, existían xa normas que, en determinados ámbitos, regulaban o dereito de acceso á información, entre a que podemos atopar o Regulamento do Concello citado polo interesado, que establece o dereito e o procedemento de acceso á información por parte dos cargos representativos locais no exercicio da súa función.

Como dereito fundamental no exercicio dunha función representativa (artigo 23 da Constitución Española), e como sinala o interesado, este dereito é desenvolvido ademais na Lei 7/1985 e no o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. A referida normativa, recoñece o dereito dos membros das Corporacións locais de obter do Alcalde ou Presidente ou da Xunta de Goberno tanta información ou documentación se atope en poder da entidade local que resulte necesaria para o exercicio das súas funcións representativas e establece ademais o procedemento para a súa obtención, o sentido do silencio, e o deber de gardar reserva en relación coa información obtida.

Así mesmo, o acceso á información por parte dos membros das corporacións teñen dúas vías de protección ordinaria -o recurso potestativo de reposición e o recurso contencioso-administrativo-, ademais de garantías adicionais como son o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais da persoa regulado pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

Por tanto estamos ante un procedemento específico de acceso á información por parte dos concelleiros no exercicio da súa función, no exercicio dun dereito fundamental.

No presente caso, a solicitude de acceso á información se fai en condición de concelleiro do reclamante, polo que de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, que establece que rexeranse pola súa normativa específica aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información, no cabe senón inadmitir a reclamación presentada.

### ACORDA

**Único:** Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo das súas solicitudes de obtención de información, na súa condición de concelleiro, referente aos gastos en medios de comunicación do Concello de Ourense no exercicio 2017 e documentación referida ao convenio asinado entre Expourense: e o país de Marrocos

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga